

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE

Non téndose producido reclamacións ao acordo adoptado pola Corporación Municipal do 20-09-16 sobre aprobación inicial da modificación da ordenanza de Venda Ambulante, quedan aprobadas definitivamente as citadas modificacións da ordenanza cuxo texto íntegro é do teor:

1-Modificación do artigo 16, apartado 4, letra c, da ordenanza municipal reguladora, da venda ambulante no termo municipal de Ponteareas, consistente, na modificación do sistema de adxudicación de postos vacantes, quedando redactado a letra c), do seguinte xeito:

“c.1) Cando as solicitudes superen o número de postos vacantes, a adxudicación realizarase mediante sorteo público, quedando os asxudicatarios obrigados á venda do tipo de mercadorías contempladas no plano da feira aprobado pola Corporación. En ausencia deste, a obriga será do mesmo tipo de mercadorías que tiña o posto vacante.

c2) Os solicitantes, que non obteñan adxudicación, por non haber suficientes vacantes, formarán parte da lista de agarda do sorteo, e poderán optar as novas vacantes que se produzan, seguindo o criterio de orden, que estableza o nº de rexistro da solicitude.”

C.3) A efectos do disposto no punto c1, o concello elaborará un plano da situación dos postos e das distintas tipoloxías”.

2.-Modificación do título do artigo 17, e do apartado 1 de dito artigo, da ordenanza municipal reguladora, da venda ambulante no termo municipal de Ponteareas, quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 17.- VIXENCIA, TRANSMISIBILIDADE DAS AUTORIZACIÓNS E NOVAS SOLICITUDES

1.- As autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración.

O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación ou novas solicitudes será dende o 1 de novembro ata o 15 de decembro de cada ano.



As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización ningunha, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.”

O resto de apartados do artigo non sufren modificacións.

RECURSOS.- Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Ponteareas, a 7 de decembro de 2016.—O Alcalde, Xosé Represas Giraldez.

